



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas

CONVOCATORIA: 2ª convocatoria Autonómico

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	14
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 15/06/2024 - 09:00h ao 25/06/2024 - 14:00h

RESPONSABLE: PEREZ MONTERO, TERESA [teresa.perez.montero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso ten por obxectivo dotar ás persoas destinatarias dos coñecementos necesarios para a implementación da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas nas administracións públicas galegas. Na actualidade xa están activos en Galicia diversos procesos para alinear as políticas e orzamentos públicos cos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) que integran a vixente axenda global de desenvolvemento sustentable.

As sesións fomentarán o coñecemento dos principais elementos que integran a Axenda 2030, as innovacións en política pública que demanda a Axenda 2030 e os ODS, a situación da súa implementación en España e Galicia, o sistema de indicadores para a medición dos ODS en Galicia, e os procesos de implementación dos ODS nas administracións públicas galegas

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais e persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

PROGRAMA

- A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).
- Como están avanzando os ODS en España. Unha ollada práctica.
- O proceso de localización da Axenda 2030 en Galicia.
- O sistema de indicadores dos ODS en Galicia.
- Elaboración e implementación de planes locais de ODS en Galicia.
- Como innovar en políticas públicas no marco dos ODS.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTO

LOCALIDADE: Telepresenza+Presencial

INICIO / FIN: 08/10/2024 a 22/10/2024

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 22/10/2024 ás 19:30h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 12: O día 17 de outubro de 16:30 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sala telepresenza: Os días 08, 10 e 15 de outubro de 17:00 a 19:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 22 de outubro de 17:00 a 20:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>